Valoramos o traballo en equipo

Equipo: ..... Data: .....

	2 **Foinos xenial porque...**	1.5 **Fixémolo ben porque...**	1 **Custounos un pouco porque...**	0.5 **Debemos mellorar porque...**
Na participación e colaboración	Tódolos membros do equipo participamos activamente e colaboramos axudando a outras persoas.	Tódolos membros do equipo participamos activamente, pero non axudamos a outras persoas porque nos centramos no noso traballo.	A metade dos membros do equipo participaron activamente.	Só traballou un membro do equipo e as outras persoas integrantes do grupo non colaboraron nin axudaron.
O clima de traballo	Foi motivador e respectuoso, sen conflitos dentro do grupo.	Foi agradable aínda que existiron pequenos conflitos que se resolveron inmediatamente.	Foi pouco motivador porque houbo conflitos frecuentes que afectaban ao traballo e que se solucionaron con axuda.	Foi conflitivo porque houbo moitos problemas que afectaron o traballo.
Na posta en común de ideas	Tódalas persoas do grupo fixemos achegas para completar as tarefas. Respectáronse as opinións e argumentouse o rexeitamento de propostas.	Tódalas persoas do grupo fixemos achegas para completar as tarefas, pero algunhas das propostas rexeitáronse sen razoamento.	A metade do grupo aportou ideas e propuxo ideas e solucións para acadar as tarefas.	Só un membro do equipo aportou ideas, o resto das persoas non levou propostas ao debate.
Para o seguimento do traballo	Fixemos debates e analizamos os resultados do traballo para recoller propostas de mellora.	Analizamos os resultados do traballo, e debatemos os resultados, pero non houbo propostas de mellora.	Analizamos os resultados do traballo, pero sen debates nin propostas de mellora.	Non fixemos a valoración do traballo nin debatemos os resultados.
A autonomía	Foi plena, xa que organizamos o funcionamento do grupo sen axuda, incluso axudamos a outros grupos a organizarse.	Foi adecuada, xa que organizamos o funcionamento do grupo sen axuda.	Foi moderada, xa que tivemos que solicitar axuda para organizar o traballo ao inicio, pero logo o equipo traballou con autonomía.	Foi escasa, xa que solicitamos axuda en varias ocasións para organizar o traballo.
Suma de puntos				